



## Solucións aos problemas dos veciños: AP-9, nova gardería e cemiterio da Penela...

O pasado mes de marzo será lembrado como a data na que o Concello lle atopou solución a 3 graves problemas dos veciños e veciñas de Oroso: a propiedade dos nichos da Penela, a falta de prazas de gardería e o enlace sur da AP-9. O primeiro xa está solventado, para satisfacción dos propietarios dos nichos do **cemiterio da Penela**, que recibiron e asinaron os documentos que acreditan as súas propiedades. "Solucionamos unha situación que vén de 1993 e á que nos custou moito atoparlle unha solución legal sen que supuxera desembolso de cartos para os veciños", explica o alcalde Manuel Mirás, "pero pagou a pena só por ver as caras de satisfacción dos propietarios dos nichos da Penela".

No caso da **nova gardería**, xa temos data para o comezo das obras: o 7 de abril. Serán 41 novas prazas que solventarán as necesidades das familias de Oroso, que rexistra unha media de 100 nacementos ao ano. Ademais da achega de 164.000 euros para as obras, Mirás adianta que o Concello urbanizará os accesos á gardería dende a avenida da Grabanxa, de xeito que o acceso será doado e haberá zona de aparcadoiro. E hai uns días AUDASA daba a coñecer que xa dispón do financiamento preciso para as obras do **enlace sur da AP-9**. O alcalde celebra un **anuncio** que "aínda que chega con atraso, é algo polo que levamos loitando 10 anos para poder sacar o tráfico pesado do centro de Sigüeiro e mellorar a mobilidade dos nosos veciños e das empresas do municipio".



*Acta de replanteo das obras da nova gardería de Oroso, que estará situada a carón do colexio de Sigüeiro*



## ...e 250.000 € para obras pola boa xestión

O Concello de Oroso disporá de 250.000 € adicionais para investimentos grazas ao **remanente de tesourería** positivo do exercicio 2013. Un cuarto de millón de euros que se sumarán aos case 1,4 millóns de euros destinados a investimentos reais nos orzamentos de 2014. O alcalde Manuel Mirás asegura que estes resultados "son froito da boa xestión realizada no Concello de Oroso, reducindo gastos superfluos e potenciando os investimentos produtivos. Unha senda que puxemos en marcha hai cinco anos e que permitirá que poidamos realizar numerosos proxectos para disfrute dos veciños e veciñas de Oroso". Os proxectos xa se están a preparar e daranse a coñecer en breve.



## O Concello acomete un plan de bacheo polos temporais

O Concello de Oroso iniciou un plan especial de bacheo para tratar de eliminar o maior número de fochancas e arranxar os desperfectos provocados polos temporais deste pasado inverno sobre as vías municipais. Un plan que comezou coa chegada do bo tempo e que se iniciou na capital municipal, para despois extenderse ás distintas vías municipais das parroquias. Ademais, nos orzamentos de 2014 hai reservados 274.000 euros para mantemento e mellora das estradas municipais.



Os bacheos comezaron en Sigüeiro e extenderanse a todo o municipio



## Variado programa de actividades para a mocidade: cine, multiaventura e música



O Concello de Oroso ten preparado un amplo programa de actividades para a mocidade coincidindo coa celebración do Día da Xuventude, que terá lugar o xoves 17 de abril na alameda de Góis coas actuacións de Olympus e Função Pública. Uns días antes, concretamente o sábado 5 de abril, o Concello organiza unha excursión multiaventura para practicar tiro con arco, vela e piragüismo, así como participar nunha ruta a cabalo. A cota de inscrición é de 40 euros (máis información no centro cultural). E para os dous primeiros venres de abril, a aula da xuventude acollerá dúas sesións de cinema de entrada libre e de balde. As proxeccións terán lugar ás 20:00 horas e as películas serán: **"Memorias de un zombie adolescente"** (4 de abril) e **"After earth"** (11 de abril).



## Gala Solidaria en favor das familias desfavorecidas

A alameda de Góis acollerá o 25 de abril, a partir das 17.30 horas, a I Gala Solidaria en favor das familias máis desfavorecidas de Oroso. Podes colaborar con alimentos non perecedeiros ou produtos de limpeza e hixiene. Haberá xogos, inchables, música e moitas sorpresas.



## O centro cultural acollerá a primeira Gala da Cultura

O centro cultural de Sigüeiro acolle o venres 11 de abril, ás 20.00 horas, a **I Gala da Cultura** do Concello do Oroso na que serán distinguidos aquelas persoas, entidades e empresas que destacaran polo seu apoio e aportación á cultura. A entrada é libre e de balde.





## Dezasete establecementos na quinta edición do concurso de tapas

Un total de dezasete establecementos participarán na quinta edición do **concurso de tapas** do Concello de Oroso, que terá lugar nas fins de semana do 5 e 6 de abril e do 12 e 13 de abril. Durante eses catro días, centos de persoas achegaranse ata Oroso para degustar unha tapa, tradicional ou creativa de balde coas súas consumicións, en horario de 12:00 a 15:00 horas e de 19:00 a 22:00 horas. Cada bar entregará ao cliente un boletín para votar pola mellor tapa e participar así no sorteo de dúas ceas para dúas persoas, un bono de beleza dobre en Sanmar Estilismo, un circuito termal no **Balneario de Compostela**, 2 entradas dobres para **Termaria** Casa da Auga e 6 botellas de viño **Lan**. Para optar aos premios é preciso contar con 7 selos de 7 bares distintos, dous dos deberán ser de locais fór a de Sigüeiro.



## Sesións especiais de contacontos

Ademais das habituais sesións de contacontos dos sábados pola mañá, a biblioteca municipal de Sigüeiro acollerá dúas **sesións especiais**. A primeira será un contacontos, en colaboración con Galix, co gallo do Día Internacional do Libro Infantil. Terá lugar o 2 de abril, ás 18:00 horas. E o 23 de abril, Día do Libro, Olga Abad presentará "O soño do rato", un contacontos con sombras chinesas, monicreques e narración oral. Anótate na biblioteca.



## Rematada a primeira fase das obras na Penela e no Cruceiro

O Concello de Oroso vén de rematar a primeira fase das obras de adecentamento e ampliación de viarios na Penela e no Cruceiro (na parroquia de Oroso). Uns traballos orzamentados en 53.000 euros que tamén incluíron a instalación de sistemas de evacuación de augas pluviais. A segunda fase dos traballos, que enlazará o viario ampliado coa N-550, comezará coa chegada do verán e o remate das choivas para así evitarlles molestias aos veciños e veciñas da zona.



Alcalde e concelleiro de Obras inspeccionan as obras da 1ª fase



## Foi noticia...

# Gran éxito do "Café co alcalde", iniciativa que continuará en abril cun encontro sobre a LOMCE



Tras percorrer as parroquias para coñecer de voz dos seus veciños as súas propostas e necesidades, Manuel Mirás organizou un "**Café co alcalde**" en Sigüeiro con máis de medio cento de veciños. "Queremos tervos o máis satisfeitos posible e que faledes do que voes pre-

ocupa, escoitar as vosas propostas e necesidades, que non vos quede nada dentro", pediulles o alcalde. E abofé que o conseguiu. Durante dúas horas os veciños de Sigüeiro plantexáronlle numerosos temas, sobre todo sobre limpeza viaria, presenza policial, construción dunha piscina climatizada e educación. Por iso, dando resposta a esta demanda, o venres 4 de abril, ás 19:00 horas, o centro cultural acollerá unha charla sobre o actual sistema educativo e como afecta a Oroso a aplicación da Lomce a cargo do deputado **Guillermo Meijón**.



Chegar e bicar o santo. No seu primeiro ano de vida o **Club Xadrez Oroso** conseguiu ascender á 2ª División da Liga Galega de Xadrez. Nora-boa a todos os xogadores e aos responsables do club polo seu traballo coa canteira.



Sigüeiro acolleu o III Campionato de Patinaxe "Concello de Oroso", no que participaron cen patinadores/as de Oroso, Ordes, Santiago e Ames. Gran organización do **Club Patín Oroso**, que ademais conseguiu grandes resultados.



"Club Ciclista **Tambre Bike**". Este é o nome dun **novo club** deportivo de Oroso, que conta con 20 socios fundadores e espera dar a coñecer os valores do ciclismo entre os veciños/as de Oroso, en especial entre os nenos/as.

## Axenda: Abril

- 1** "Martes saudables": muller e saúde (17 h.)
- 2** Día Internacional do libro infantil, 18 h. Fin inscrición Díverprimavera
- 4** Encontro co alcalde: a LOMCE, 19 h. "Memorias de un zombie adolescente", 20 h.
- 5** Contacontos (11 h) De tapa en tapa

- 6** I Encontro Rítmica (13 h) De tapa en tapa
- 11** I Gala da Cultura (20 h) "After Earth" (20 h) Club de Lectura (18 h)
- 12** Contacontos (11 h) De tapa en tapa
- 13** De tapa en tapa
- 17** Día da Xuventude

- 19** Baile de Maiores, co grupo Alborada (19 h)
- 23** Día do Libro, contacontos especial
- 24** A Rebotica dos Contos (18:00 h)
- 25** Gala Solidaria (17:30 h)
- 26** Contacontos (11 h) Carreira pedestre (17 h)